



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

José Manuel Lage Tuñas, deputado pertencente ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

A Confraría de Noia conta na actualidade con máis de 1.500 socios, pertencentes na súa meirande parte aos concellos de Noia e Outes. Nos últimos anos este pósito facturou ao redor de 14 millóns de euros ao ano, como media, tendo en O Testal e O Freixo, as dúas lonxas polas que pasan os recursos mariños que se extraen da ría.

Dende hai máis de dez anos a Confraría de Noia vén reclamando a dignificación do porto de O Freixo (Outes), onde radica unha vella lonxa dedicada ao marisqueo e da que fan uso case oitocentos mariscadores e mariscadoras da ría de Noia e Muros.

No ano 2005 os Socialistas galegos comprometémonos a mellorar as instalacións portuarias de Outes co obxectivo de mellorar as condicións para o traballo e a venda dos recursos mariños neste importante porto.

A lonxa de O Freixo (Outes) é unha das lonxas de Galicia con maior facturación no que se refire a moluscos bivalvos. O deixamento e a falta de compromiso dos anteriores Gobernos galegos propiciaron que os mariscadores e mariscadoras non tivesen unhas instalacións dignas onde realizar as tarefas propias da súa actividade.

Durante o ano 2006 o Grupo Parlamentario Socialista fixo xestións diante da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos para que contemplara nas súas actuacións futuras a construción dunha nova lonxa en O Freixo (Outes).



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Tiñamos constatado a necesidade dunha nova infraestrutura que puidera substituír á vella lonxa, e que mellorara os espazos de traballo e clasificación do marisco e que ademais servira para dotar de novos espazos tanto á Confraría como á Asociación de Mexilloeiros da Ría de Muros-Noia.

A Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos confirmou publicamente o pasado mes de outubro de 2006 nunha visita á Confraría de Noia a disposición da Xunta de Galicia para acometer a construción dunha nova lonxa en O Freixo (Outes).

No mes de marzo deste ano rematará previsiblemente a campaña marisqueira nos bancos que xestiona a Confraría de Noia.

Por todo o exposto anteriormente, o deputado asinante formula a seguinte pregunta:

Cando ten previsto a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos comezar a construción da nova lonxa de O Freixo (Outes)?

Pazo do Parlamento, 26 de febreiro de 2007

Asdo.: José Manuel Lage Tuñas
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Lage Tuñas na data 26/02/2007 11:36:33